

MATERIA
Historia de Roma

TITULACIÓN
Grao en Filoloxía Clásica

unidade
didáctica
5

Humanidades

O Baixo Imperio

Ana M^a Suárez Piñeiro

Área de Historia Antiga
Departamento de Historia
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.es/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155283>

MATERIA: Historia de Roma

TITULACIÓN: Grao en Filoloxía Clásica

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. As orixes de Roma

Unidade II. A monarquía

Unidade III. A República

Unidade IV. O Alto Imperio

Unidade V. O Baixo Imperio



ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN

2. OBXECTIVOS

3. CONTIDOS

1. A crise do s. III
 - 1.1. A anarquía militar (235-284)
Os emperadores ilirios (268-284)
 - 1.2. Crise política e militar
 - 1.3. Crise económica e social
2. A restauración do Imperio (284-305)
 2. 1. A Tetrarquía
 - 2.2. As reformas
Administración territorial
Exército
Reformas económicas
 - 2.3. Política relixiosa
3. O s. IV, de Constantino a Teodosio
 3. 1. O ascenso de Constantino
 - 3.2. O Imperio Constantiniano (305-337)
Administración central
Exército
Ámbito económico
Ámbito social
Ámbito relixioso
A cidade de Constantinopla
 - 3.3. Os sucesores de Constantino
4. A división do Imperio e a crise de Occidente (395-476)
 - 4.1. A fin do Imperio en Occidente
 - 4.2. Factores da decadencia imperial
As invasións bárbaras
A crise do Estado romano

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

5. AVALIACIÓN

6. BIBLIOGRAFÍA

7. APÉNDICE

1. PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica sobre O Baixo Imperio forma parte da materia Historia de Roma (G5071502), que está integrada no módulo Historia, arte e pensamento grecorromanos. Corresponde á titulación do Grao en Filoloxía (materia ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe carácter obrigatorio e cúrsase no segundo ano (2º curso), no segundo cuatrimestre.

Esta materia consta de 6 créditos e supón, polo tanto, 150 horas de dedicación total por parte do alumnado. Estas horas repártense entre o traballo na aula e o labor autónomo do alumnado, da seguinte maneira.

- Traballo presencial: 51 h.
- Docencia expositiva: 32 h.
- Docencia interactiva: 16 h.
- Titorías personalizadas: 3 h.
- Traballo autónomo (estudo, lecturas, elaboración de traballos, preparacións de exposicións orais etc.): 99 h.

Historia de Roma organízase en cinco unidades, segundo un criterio cronolóxico. A unidade que aquí se presenta, O Baixo Imperio, é a última e para impartila prográmanse 8 horas de clase, distribuídas en 8 sesións de 1 hora de duración cada unha delas.

UNIDADE 1: As orixes de Roma

UNIDADE 2: A Monarquía

UNIDADE 3: A República

UNIDADE 4: O Alto Imperio

UNIDADE 5: O Baixo Imperio

Partindo dunha estruturación cronolóxica da materia, esta unidade insírese despois do Alto Imperio, no que estudamos a formación do novo réxime do Principado con Augusto e as dinastías que cobren os dous primeiros séculos da nosa era.

Nesta unidade dedicada á Roma baixoimperial abórdanse os tres últimos séculos do Imperio. O cambio que determina o novo tempo ten lugar no s. III, cunha profundísima crise que cobre practicamente toda a centuria e afecta todos os ámbitos da vida. A anarquía (235-284) dará paso a un período de esperanza no que se ensaian novas solucións durante a tetrarquía dirixida por Diocleciano (284-305). Non obstante, a súa fórmula de goberno non terá continuidade e as loitas polo poder volverán da man de Constantino (305-337) e dos seus sucesores.

Entramos así nun s. IV marcado pola evolución do cristianismo. A defensa do paganismo ante o avance desta relixión estará presente na política da época grazas a personaxes como Xuliano (360-363) ou Teodosio (379-395). Este será, precisamente, o último emperador que manteña unificado o territorio. A partir de aquí a historia de Roma seguirá dous camiños distintos: o Imperio romano de Occidente e o de Oriente (que perdurará ata o s. XV).

O Imperio occidental verá como diversos pobos xermánicos superan o *limes* nun número e intensidade nunca vistos e, ademais, acaban instalados conformando novos reinos: vándalos, visigodos, alanos, suevos, ostrogodos, burgundios etc. Mentres, sucédense os emperadores marioneta, sen capacidade de mando e á mercé

do exército. Finalmente, no ano **476**, as tropas de Milán nomean emperador a un bárbaro, Odoacro, que depón a Rómulo Augústulo. Ao rexeitar as insignias imperiais, Odoacro acaba cun Imperio que, na práctica, xa non actuaba como tal desde moito tempo atrás.

2. OBXECTIVOS

Dentro do conxunto da materia establécense unha serie de obxectivos **xerais** que a continuación se relacionan.

Obxectivo 1: coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento da antiga Roma.

Obxectivo 2: comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social e económico, cultural ou relixioso.

Obxectivo 3: identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da antiga Roma.

Para contribuír a acadar estes fins, de maneira particular nesta unidade perséguese unha serie de obxectivos **específicos** que aquí se indican.

Obxectivo 1: coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento da Roma baixoimperial.

Obxectivo 2: comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma no Baixo Imperio nos seus diversos ámbitos: político, económico, social ou relixioso.

Obxectivo 3: identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da Roma baixoimperial.

3. CONTIDOS

A unidade didáctica está composta de catro apartados.

1. A crise do século III

- 1.1. A anarquía militar (235-284)
- 1.2. Crise política e militar
- 1.3. Crise económica e social

2. A restauración do Imperio (284-305)

- 2.1. A Tetrarquía
- 2.2. As reformas
- 2.3. Política relixiosa

3. O século IV, de Constantino a Teodosio

- 3.1. O ascenso de Constantino
- 3.2. O Imperio Constantiniano (305-337)
- 3.3. Os sucesores de Constantino

4. A división do Imperio e a crise de Occidente (395-476)

- 4.1. A fin do Imperio en Occidente
- 4.2. Factores da decadencia imperial

1. A crise do século III

Tras os séculos dourados do Imperio romano (I-II) comezou unha deterioración das institucións, particularmente a do propio emperador. Tras a morte de Alexandre Severo, o Estado entrou nunha das maiores e máis prolongadas crises: os pobos bárbaros mantiveron durante décadas unha presión abafante sobre as fronteiras (en particular no *limes* do Rin e Danubio); as tensións internas levaron á división temporal do poder e á aparición de usurpadores; as dificultades militares deron novo protagonismo político ao exército e esixiron maior presión fiscal, e todas estas circunstancias promoveron a busca de novos apoios relixiosos.

Neste período succédense no poder emperadores que acceden ao cargo grazas a ascenderen na escala militar sen ter necesariamente orixe nobre: os emperadores soldados. Entre os anos 235 e 284 houbo 19 emperadores, ningún dos cales faleceu de morte natural, que foron incapaces de tomar as rendas do goberno e actuar de forma coordinada co Senado. Este vai perder boa parte do seu poder tradicional, mentres os cabaleiros ocupan un papel destacado na Administración. O modelo dun Imperio de cidades entrou en crise.

A situación foi especialmente grave nos anos centrais da centuria (235-268); xa nunha segunda fase (268-284) os emperadores ilirios puxeron as bases para a recuperación do Estado, que acabaría encontrando unha nova orientación da man de Diocleciano.

1.1. A anarquía militar (235-284)

Os exércitos provinciais e a garda pretoriana rebeláronse con frecuencia para depoñer os emperadores ou para elevar o seu comandante á dignidade imperial: Maximino Tracio, Gordiano, Gordiano III, Filipo o *Árabe*, Decio, Treboniano Galo, Valeriano e Galieno.

Desatendéronse as fronteiras e os pobos bárbaros invadiron o Imperio. Para o principado de Galieno o descontrol chegou a tal punto, que varias provincias de Occidente e Oriente se escindiron para formaren o Imperio Galo e o Reino de Palmira, nun intento de facer fronte cos seus propios medios aos perigos exteriores.

A fame, as epidemias e a inseguridade apoderáronse do Imperio, que pouco a pouco se foi ruralizando.

O primeiro emperador desta nova era foi **Maximino o Tracio**, nomeado polo exército, fillo de campesiños e procedente dunha rexión da actual Bulgaria. O eixe central da súa política foi a defensa das fronteiras, sobre todo a renana e a danubiana, para o que precisou incrementar as tropas e os corpos de cabalería, co conseguinte aumento de gastos. A presión fiscal provocou o descontento das capas sociais inferiores. O Senado tamén se opuxo á política imperial. Por outra banda, este mandatario buscou unha maior unidade relixiosa, defendendo os deuses do panteón romano e o Sol invicto. Deste xeito ordenou a persecución de cristiáns e a eliminación de todos os seus dirixentes.

O procónsul da provincia de África, **Gordiano**, foi proclamado emperador no ano 238, asociando ao poder o seu fillo, Gordiano II. Os dous non chegaron

practicamente a gobernar e morreron ante as tropas fieis a Maximino. Finalmente, os pretorianos elixiron como emperador a **Gordiano III** (238-244). O poder residía realmente no prefecto do pretorio, de quen dependían o control administrativo e o abastecemento do exército, a xestión da *annona* e os recrutamentos. Neste tempo desenvolveuse a política de recrutamento iniciada por Severo Alexandre e seguida por Maximino: os soldados mercenarios gañaron posicións nos corpos expedicionarios. Fíxose habitual recrutar mercenarios entre xermanos e godos de fóra da fronteira romana: esta barbarización do exército incrementou os gastos. O maior perigo exterior eran os persas de Sapor I. Morto Gordiano, as tropas nomearon a Filipo.

Filipo o Árabe (244-249) buscou a paz cos persas e prescindiu dos mercenarios. Creou dous grandes mandos permanentes que puxo en mans de parentes: seu irmán, na prefectura do pretorio, ocupábase dos asuntos da parte oriental; seu cuñado, quen recibiu o goberno do conxunto das provincias de Mesia. Houbo revoltas e xurdiron varios usurpadores.

Nos Balcáns, un senador oriúndo de Panonia, **Decio**, foi proclamado emperador no ano 249. Obtivo para seus fillos os títulos de César e logo de Augusto, aínda que non houbo división de esferas ou competencias. A súa orixe senatorial marcou as súas boas relacións co Senado e a súa política relixiosa, caracterizada pola intensa persecución dos cristiáns. De novo os godos puxeron en dificultades o Imperio. Loitando contra eles atopou Decio a morte.

As lexións de Mesia proclamaron emperador a **Treboniano Galo**. Este aceptou as esixencias galas ante a humillación do exército. Daquela, as tropas proclamaron outro emperador. Acabou impoñéndose **Valeriano** (253-260), quen asociou ao poder o seu fillo **Galieno** (253-268). Unha vez máis os persas entraron en acción, mentres en Occidente repuntaban os conflitos con alamanos e francos. Galieno buscou reforzar o control do poder con reformas militares e administrativas de alcance: puxo as lexións baixo a autoridade de prefectos ecuestres e desenvolveu a cabalería. En medio de grandes éxitos no campo de batalla ante os renanos, un dos seus homes, Aureolo, proclamouse emperador. Galieno foi asasinado.

Os emperadores ilirios (268-284)

A partir de aquí chegaron ao poder diferentes emperadores de orixe iliria e danubiana, procedentes de provincias fronteirizas nas que loitaran contra os bárbaros: Claudio II o *Gótico*, Aureliano, Tácito, Aurelio Probo e Caro (cos seus fillos, Carino e Numeriano).

Lograron reunificar o Imperio e sentar as bases para restablecer a situación. No ámbito militar comezan a sentirse os efectos das reformas de Galieno: a eficacia dos corpos de cabalería colleita éxitos no campo de batalla. Neste tempo a poboación e os propios mandos militares estaban fartos xa de usurpadores e de pronunciamentos que provocaban grande inestabilidade. De igual xeito, moitos avogaban pola unidade do Imperio ante os seus inimigos. Mentres, o poder atopaba novos apoios ideolóxicos no culto oficial ao Sol invicto. Por outra banda, as medidas fiscais e económicas procuraron mellorar a situación das capas populares e máis vulnerables.

O emperador **Claudio II** (268-270) marcou un punto de inflexión na dinámica de crise previa. As súas operacións militares e os pactos cos bárbaros fixeron desaparecer os maiores perigos nas fronteiras renana e danubiana. O Senado nomeou sucesor o seu irmán, pero o exército elixiu a **Aureliano** (270-275), de maior prestixio militar. Este abandonou definitivamente a provincia da Dacia, reorganizando a defensa en función dos límites naturais de Rin e Danubio. Para encarregar a forza militar dos bárbaros comezou a recrutarlos como tropas complementarias das lexións. Reconquistou boa parte do Imperio, poñendo fin ao reino de Palmira e ao Imperio das Galias. Foi xeneroso coas capas baixas da poboación. Buscou unha maior eficiencia administrativa e reorganizou Italia contribuíndo a súa provincialización. A reforma monetaria renovou a confianza no sistema: eliminou os antoninianos (baixos en prata) e creou o aureliano.

Unha conxura acabara con Aureliano e os senadores elixen a un deles, Claudio **Tácito** (275-276), quen goberna moi pouco tempo, ao igual ca seu irmán, Florianiano. A continuación, Aurelio **Probo** (276-282) obtivo éxitos militares na fronteira pero acabou asasinado polas súas propias tropas.

Por último, **Caro** (282-284) acudiu á antiga fórmula de proclamar Césares os seus fillos e logo Augustos. Delegou en **Carino** o control de Occidente e en **Numeriano** o de Oriente. Non obstante, o descontento militar por un tratado cos persas fixo que fose proclamado emperador **Diocleciano**. Este accedeu ao poder dun Imperio novamente unificado, libre dos graves perigos das fronteiras e desexoso de manter a paz e a estabilidade social imprescindibles para a mellora das condicións de vida.

1.2. Crise política e militar

A necesidade de atender con urxencia os perigos fronteirizos consolidara a práctica de que o exército elixise os emperadores; a indefinición xurídica sobre a forma de sucesión contribuíu á anarquía. Asemade produciuse un achegamento maior á divinización do poder.

Non se modificou o sistema de recrutamento de senadores, na súa maioría occidentais; mentres, moitos *homines novi* procedían do exército. Os principais cargos da Administración eran desempeñados xa por cabaleiros.

O mantemento e equipamento do exército constituíu o obxectivo prioritario do sistema fiscal: as vías públicas enchéronse de empregados militares encargados do transporte de equipos e alimentos para as tropas. Esta militarización do aparato administrativo procuraba garantir a eficacia do exército que chegou a ter 33 lexións. Os novos corpos especiais, sobre todo mercenarios, esixían máis gastos; creceron tamén as tropas de cabalería. Pese a que os militares protagonizaron os pronunciamentos, serán a disciplina militar e o exército os que, de maneira paradoxal, manteñan a unidade do Imperio.

1.3. Crise económica e social

Calcúlase que a fins do século III a poboación do Imperio roldaba os 50 millóns de habitantes, fronte aos 70 que abriran a centuria. Deuse, polo tanto, unha forte redución demográfica debido a múltiples factores como a perda de territorio, as guerras, a peste ou as dificultades económicas.

As guerras e o perigo exterior provocaron a destrución, abandono ou redución de moitas cidades. Caeron de maneira moi notable a práctica do everxetismo e as actividades edilicias. Pola contra consolidouse o réxime de grandes dominios rurais onde moitos se refuxiaron. As *villae* rústicas dotáronse de artesáns propios para autoabastecerse. Sufriuse un descenso xeneralizado da actividade artesanal e comercial; a vida ruralizouse. Moitos pequenos campesiños optaron por vender as súas propiedades e traballar como colonos nos grandes dominios. O colono seguía sendo libre pero traballaba xa terras alleas. De igual xeito, as invasións e os abusos dos terratenentes produciron o abandono de cultivos por parte de campesiños. Moitos deles buscaron o seu sustento no bandoleirismo, o cal se traduciu nunha crecente inseguridade, que lastrou o comercio terrestre. Por outra banda, Roma compraba artigos de luxo a Oriente e só vendía cereais e outros alimentos, polo que a súa balanza comercial era negativa.

O sistema monetario viuse fortemente debilitado. A cuñaxe baseábase en que o valor da moeda era o do metal que contiña, pero en tempos de crise rebaixábase a calidade sen reducir o seu valor nominal. No s. III o Imperio cesara a súa expansión e o Estado xa non puido contar coas riquezas das conquistas: caeu de maneira alarmante o abastecemento de metais preciosos (abandono dos grandes centros mineiros da Dacia e Hispania), mentres se disparaban os gastos do Estado. Nesta conxuntura os emperadores emitiron moedas de prata rebaixadas para cubrir as súas necesidades. Asemade, os prezos subían pola inflación provocada ante o incremento do efectivo posto en circulación; o resultado foi unha espiral inflacionaria con moedas fortemente desvalorizadas.

Pola súa vez, a man de obra escrava reduciuse de maneira significativa debido ao fin das campañas miliars, ao abandono das minas, á diminución da actividade económica ou á mellora das condicións de vida dos escravos.

Por último, no ámbito das crenzas viviuse un renacemento das tradicións relixiosas locais. Ao mesmo tempo consolidouse a expansión do cristianismo, pese ás persecucións de Decio ou Valeriano.

2. A restauración do Imperio (284-305)

As reformas que aplicou Diocleciano permitiron consolidar un novo modelo económico e social e prepararon o Imperio para resistir con maior solidez os principais perigos, internos (potenciais usurpadores) e externos (inimigos nas fronteiras).

2. 1. A Tetrarquía

Diocleciano (284-305) foi proclamado emperador no ano 284 en Nicomedia, que máis tarde foi capital do Imperio. Ante a necesidade de regular o caos reinante (os perigos no *limes* renano e as revoltas sociais dos bagaudas nas Galias; na parte oriental, os persas) creou a forma de goberno coñecida como tetrarquía. Este sistema xurdiu en resposta á necesidade de repartir os centros de decisión imperial para evitar a aparición de usurpadores e os riscos de disgregación do Imperio.

O goberno tetrárquico consiste na repartición de ámbitos territoriais de competencia entre dous emperadores co título de Augustos e outros dous subordinados, Césares, que sucederían os primeiros á súa morte. Desta maneira, Diocleciano asociou ao poder a **Maximiano**, quen asumiu os mesmos poderes que el: *imperium*, potestade tribunicia e pontificado máximo. O Imperio non se dividía: Diocleciano mantiña maior autoridade e gobernaba directamente a parte oriental, mentres Maximiano se encargaba das provincias occidentais. No ano 293 foron nomeados dous Césares: **Galerio e Constancio**.

Os catro preséntanse como colectivo responsable, *quattuor principes*, das constitucións imperiais, aínda que recoñecían a autoridade superior de Diocleciano. A repartición do poder imperial non supuxo a creación de catro capitais para o Imperio: cada Augusto e César contaban cunha ou dúas residencias habituais segundo o esixisen os asuntos públicos ou a dirección das campañas militares. Diocleciano tivo a súa residencia en Antioquía ou Nicomedia para o control de Oriente; Maximiano en Aquileia ou Milán desde onde administraba Italia, África e a península Ibérica; Galerio en Sirmio, para o control do ámbito ilírico, e Constancio, en Tréveris, desde onde gobernaba as Galias e Britania.

A división do poder produciu inicialmente resultados satisfactorios de tipo militar, aplacando as diversas ameazas nas fronteiras. Aínda que non completamente efectiva, a política do novo goberno mostrou a vontade de exercer a autoridade a grande escala e establecer a orde tras o descontrol anterior. O precedente para garantir a continuidade do poder imperial tomárao Diocleciano dos Antoninos: a adopción do mellor; que se aplicou na segunda tetrarquía. Pero o sistema adoptivo non foi aceptado por todos: Constantino, fillo de Helena (muller de Constancio) e Maxencio (fillo de Maximiano) reclamaron dereitos sucesorios.

2.2. As reformas

Durante a tetrarquía realizáronse profundas reformas en diversos ámbitos.

Administración territorial

Algúns aspectos das reformas contaban xa con precedentes introducidos polos emperadores do século III. Os altos cargos da Administración central foron ocupados por senadores ou cabaleiros sen que os primeiros ocupasen postos superiores. Os senadores seguiron responsabilizándose das rexións de Italia e dalgunhas provincias

senatoriais, pero á fronte das lexións, da maioría das provincias e das dioceses houbo cabaleiros. Malia que o Senado estaba maioritariamente composto por grandes propietarios, descendentes de familias senatoriais, o emperador incluíu cabaleiros segundo as súas necesidades. A vella cámara xa non era indispensable para referendar o poder imperial. A equiparación de senadores e cabaleiros na esfera da administración central correspondíase coa súa aproximación en condicións socioeconómicas.

No consello imperial encargado de preparar leis perderan poder os prefectos de pretorio; pola contra gañara peso o substituto persoal do emperador, *vicarius*, quen coordinaba a actividade das seis seccións da chancelería imperial: *a libellis*, *a studiis*, *a memoria*, *ab epistulis*, *a cognitionibus* e *a rationibus*. Outros civís do grupo de confianza do emperador foron postos á fronte das grandes oficinas centrais co título de *magistri*. Tendeuse, pois, a que o consello imperial contase con expertos da administración desvinculados do exército.

As antigas **provincias** foron subdivididas noutras menores para aproximar a administración ás necesidades dos administrados e reducir o poder dos gobernadores provinciais: de 50 provincias chegouse a unhas 100; incluso Exipto foi dividido en 3. Asemade, culminouse o proceso de provincialización de Italia, organizada en 12 distritos con nomes territoriais, cun *corrector* de rango senatorial á súa cabeza. Tamén se encargou o goberno de Asia e África a senadores, pero as demais provincias pasaron a ser dirixidas por cabaleiros co título de *praesides*. A reforma do goberno provincial completouse ao privaren os gobernadores do mando sobre o exército, malia que viron incrementadas as súas funcións asumindo competencias en asuntos fiscais e xurídicos.

Máis novidosa resultou a creación de **12 dioceses**, que agrupaban varias provincias, tendo en conta a proximidade física e razóns estratéxicas (por exemplo, a diocese de Oriente agrupaba 18 provincias, mentres Britania só 4). Para dirixir cada diocese había un representante persoal do emperador, un *vicarius*, ecuestre; el supervisaba finanzas, exercía de xuíz en cuestións que superaban o gobernador provincial ou inspeccionaba dispositivos militares. A figura dos vicarios facíalles perder poder aos prefectos do pretorio.

Dioceses

6 en Oriente: Oriente, Ponto, Asia, Tracia, Mesia e Panonia

6 en Occidente: Britania, Italia, Galia, Hispania, Vienense e África.

Exército

Durante a crise do século III buscouse resolver os defectos do sistema defensivo de fronteira ideado por Hadriano reforzando os corpos de cabalería e dándolles maior mobilidade ás tropas lexionarias. Diocleciano perfeccionou este sistema con novas medidas. Creou a *strata Diocleciana*, consistente na construción

dunha rede coordinada de fortíns militares na fronteira para mellorar o control sobre os pasos naturais.

O exército quedou dividido en dous grandes bloques: as tropas fronteirizas, *limitanei*, asentadas ao longo da fronteira en campamentos, fortíns e cidades; e as que seguían o emperador, *comitatenses*, máis móbiles e preparadas para intervir con axilidade.

Excepto os grandes continxentes que mobilizaron os persas, os demais inimigos de Roma atacaban en grupos reducidos. Diocleciano adaptou o exército a esta circunstancia: reduciu á metade os compoñentes de cada lexión, mentres incrementou as unidades (60). Parece que o número total de efectivos crecería un 25 %. Mantivo a práctica de recrutar fillos de militares sedentarizados e bárbaros para as tropas auxiliares ou especiais. E creou unha nova forma de recrutamento forzoso: cada comunidade debía proporcionar un número de soldados ao Estado.

Estas medidas estiveron encamiñadas principalmente a evitar a concentración de tropas baixo un mesmo mando. Despregáronse tropas en gran cantidade de provincias, ao mando de *duces*, oficiais de rango ecuestre. Insistiuse na separación do poder político do militar, privando os gobernadores provinciais de calquera tipo de mando sobre os soldados.

Reformas económicas

Para estimular os intercambios e garantir a confianza na moeda modificouse o sistema monetario. Introduciuse unha nova moeda de bronce, *folis*, para manter o prestixio do denario, moi depreciado. O resultado foi unha subida dos prezos e un empeoramento das condicións de vida das clases inferiores.

Para resolver a situación e loitar contra a especulación publicouse no ano 301 un Edicto sobre prezos máximos: fixando o prezo de 100 produtos e salarios. Esta medida encontrou múltiples dificultades para a súa aplicación. Os especuladores retiveron os bens de consumo e puxéronos á venda no mercado negro a un prezo superior. As consecuencias negativas da reforma monetaria afectaron sobre todo as capas populares urbanas, pois no ámbito rural moitos pagos eran xa en especie.

O sistema fiscal baseouse no imposto da *iugatio-capitatio*, sobre cuxa aplicación existe bastante debate historiográfico. A partir do censo calculouse o número de persoas e o terreo laborable de cada diocese. O resultado de dividir as terras (segundo a calidade e cultivo) polo número de traballadores (*caput*) daría unha cantidade de terras (*iugum*), sobre a cal cada traballador debía responder ante o fisco. O *iugum* non sería, pois, unha cantidade fixa e o sistema implicaría unha vinculación do traballador coa terra, estimulando a máxima produtividade da mesma. O imposto percibíase case sempre en especie.

2.3. Política relixiosa

Durante os séculos II e III tiveron lugar importantes cambios no ámbito relixioso. Adoptáronse novas formas de culto da cultura greco-oriental. En Exipto,

o culto a Isis e Serapis alcanzou gran preeminencia; desde Xudea expandiuse o cristianismo, primeiro como seita, posteriormente como relixión diferenciada; en Siria e Mesopotamia adoptouse o mitraísmo etc.

O éxito destes cultos vinculouse coa crise da terceira centuria. A desorde e inseguridade da época provocaría a retirada cara a unha vida interior. Ademais, o fracaso da relixión oficial, moi ligada ao desprestixiado goberno do Imperio, incapaz de solucionar os problemas do pobo, provocou que moitas persoas decidisen mudar cara a relixións que prometesen unha mellor vida ultraterrea.

A pesar de que nun principio se mantivo como un culto menor, nos séculos II e III o cristianismo, de mensaxe nova no panorama romano, fora gañando adeptos. En momentos críticos déronse situacións nas que se acusaba a un grupo minoritario de todas as desgrazas, neste caso os cristiáns. Alieos ao culto imperial e á vida relixiosa do Imperio, dicíase deles que eran os que arruinaban as relacións ente os homes e as divindades, os que perturbaban a paz dos deuses e provocaban a retirada do seu favor.

Neste contexto, a actuación dos tetrarcas procurou revitalizar a relixión tradicional e perseguir posibles ameazas representadas por maniqueos e cristiáns. Os maniqueos eran os seguidores de Mani. Esta relixión de orixe persa adquiriu un desenvolvemento político fronte ao nacionalismo romano. A súa persecución foi decretada no 297, coincidindo coas grandes campañas contra os persas.

Aínda que a situación político-militar non era crítica, a necesidade de reunificar a relixión romana, e o desexo de Diocleciano de restaurar a dignidade do culto imperial e tradicional, e símbolo da forza e da unidade do imperio, chocaron cos cada vez máis numerosos cristiáns. O rexeitamento dos cristiáns a participar en rituais en honor dos deuses romanos foi o acicate; tamén había cristiáns que desobedecían ordes militares. Nestas circunstancias foron declarados inimigos do Estado.

Ao parecer Galerio, un fervinte pagán, foi o instigador do primeiro decreto de **persecución** contra os cristiáns no ano 303 co obxectivo de purgalos do aparato estatal; tamén se destruíron algunhas igrexas, pero en termos xerais a medida non foi moi cruenta. Meses despois un novo decreto foi máis alá, obrigando a todos os cristiáns a sacrificar aos deuses romanos como proba de lealdade ao Imperio. O número de procesos foi tal que houbo que suspender as condenas. Galerio non se rendeu e no 304 decretou outra persecución maior, condenando a morte os membros do clero e os cristiáns que se negasen a render sacrificios aos deuses romanos. Só afectou a Oriente. A reiteración das medidas fala da súa ineficacia. En realidade chegaban demasiado tarde: o cristianismo estaba plenamente estendido.

3. O século IV, de Constantino a Teodosio

A abdicación dos Augustos da primeira tetrarquía abriu un período de fortes tensións políticas e militares entre os defensores do modelo tetrárquico de transmisión do poder e os que preferían o hereditario. A grande extensión do Imperio, os perigos fronteirizos e a necesidade de manter a administración próxima á xente esixiu reparticións de competencias. Todos defendían a unidade do Estado, pero desde

ópticas distintas. Asemade, a pugna ideolóxica centrouse na defensa dun paganismo romano renovado e de corte monoteísta, na liberdade de cultos e no apoio ao cristianismo.

3. 1. O ascenso de Constantino

Ata o ano 326 Constantino non gobernará como emperador único, pero a súa presenza na escena política comeza xa no 305, cando os Augustos abdicaron e decidiron dar paso á segunda tetrarquía. O lugar de Diocleciano e Maximiano foi ocupado segundo estaba establecido, por **Galerio** en Oriente e **Constancio** en Occidente; mentres, Maximino e Severo convertéronse en Césares.

Esta situación puxo a proba a fidelidade á política de Diocleciano fronte á ambición dalgúns aspirantes. O relevo excluía da posibilidade de acceder ao poder imperial a **Maxencio**, fillo do retirado Augusto Maximiano, e a **Constantino**, fillo do ascendido Constancio (quen xa ocupara cargos de alta responsabilidade). No 305 Constantino obtivo de Galerio permiso para unirse ao seu pai en Britania, o cal morreu ao ano seguinte. Daquela, Constantino foi proclamado Augusto polo exército, aínda que inicialmente só reclamou de Galerio o título de César. A partir de aquí embarcou nunha serie de violentas guerras civís para acadar o máximo poder.

En Oriente, mentres tanto, Galerio morrera e o seu sucesor, Licinio, compartía o trono con Maximino. Constantino e Licinio entrevistáronse en Milán, e acordaron a paz entre Oriente e Occidente. Pouco despois, Licinio converteuse en emperador de Oriente. A paz durou ata o ano 316, cando Constantino se apoderou dos Balcáns. Tras varios enfrontamentos, no ano **326** Constantino quedou como único dono do Imperio romano e nomeou como Césares os seus fillos: Constantino, Constancio e Constante.

Ao afastarse do modelo tetrárquico e das referencias relixiosas a Xúpiter e Hércules, Constantino resaltou máis os aspectos absolutos da monarquía: a un único deus (en principio o Sol invicto) correspondíalle un único emperador.

3.2. O Imperio Constantiniano (305-337)

Como único gobernante, Constantino dedicouse a reformar profundamente o Imperio.

Administración central

Os dous prefectos do pretorio, dependentes dos Augustos, foron substituídos por un número maior de prefectos territoriais, primeiro cinco e logo tres. Cada prefecto controlaba varias dioceses. Os novos prefectos, sen mando sobre o exército, supervisaban a administración dos vicarios das diocese e dos gobernadores provinciais; exercían de xuíces supremos; inspeccionaban o correo público e o funcionamento dos sistema fiscal, o abastecemento do exército e as obras públicas.

A súa figura supuña unha chancelería administrativa, ao tempo que se centralizaba o poder en mans dun único emperador.

Os prefectos do pretorio rendían contas á chancelería imperial que controlaba a administración xeral do Imperio. Á fronte de todas as oficinas da chancelería estaba o *magister officiorum*, e varios *comites* do emperador dirixían estas oficinas. Os altos cargos da chancelería imperial, expertos militares e xuristas, formaban o consello privado, o *consistorium*.

Constantino modificou a composición do Senado, integrado por 600 maxistrados, aumentando o seu número a 2.000, e introduciu numerosos *equites*, que constituíron o núcleo do persoal administrativo do Imperio.

Exército

Con case 500.000 homes, mantivo o sistema de recrutamento e organización de Diocleciano. Incrementou o número de mercenarios. Ao igual que outros emperadores, ante os bárbaros Constantino alternou o enfrontamento militar co seu recrutamento como auxiliares ou o asentamento no interior do Imperio; así conseguiu certa tranquilidade nas fronteiras.

Ámbito económico

Para controlar a inflación, Constantino creou unha nova moeda de ouro, o *solidus*, que estabilizou o sistema monetario e tamén foi obxecto de tesaurización. No entanto, a inmensa maioría da poboación continuaba utilizando unha moeda de cobre e prata que seguiu perdendo valor. A crecente ruralización do Imperio favoreceu o emprego do troco entre as clases baixas. A reforma, como no caso de Diocleciano, afondou na polarización social: un sector de grandes terratenentes fronte enormes masas de campesiños, artesáns e pequenos comerciantes cada vez máis empobrecidos.

En canto á política fiscal, Constantino mantivo a *iugatio-capitatio* de Diocleciano. Non obstante, o incremento de tropas e funcionarios, as liberalidades coas igrexas cristiás e co pobo e a construción de Constantinopla multiplicaron os gastos. E, para equilibrar as contas, introduciu novas taxas: artesáns e comerciantes debían pagar un imposto extraordinario cada cinco anos (*lustralis collatio*); e, pola súa vez, os senatoriais abonaban un imposto anual (*gleba senatoria*) e contribuían ao tesouro público con ouro (*aurum oblatium*).

Ámbito social

A distinción entre *clarissimi*, de rango senatorial, e *perfectissimi* ou ecuestres fórase esvaeendo ao longo do s. III. Diocleciano promocionara a cabaleiros e Constantino continuou a tendencia. Por outra banda, a frecuente coincidencia entre propietario latifundista e alto cargo administrativo propiciaba usos abusivos das

funcións públicas; un caso frecuente e perseguido polo poder imperial foi o exercicio de padroados privados sobre aldeas por parte de altos funcionarios.

Ámbito relixioso

O ascenso de Constantino estivera moi unido á transformación relixiosa cara ao cristianismo. De feito, o agradecemento entusiasta dos escritores cristiáns á contribución de Constantino deu paso a relatos de dubidosa fiabilidade sobre os supostos acontecementos na véspera na batalla da Ponte Milvio que sinalarían a conversión do emperador. Non obstante, o propio Constantino, como bo político que era, mantivo a ambigüidade sobre as súas crenzas xa que os sectores máis cultos da sociedade practicaban un paganismo monoteísta. Sabemos que era cristián ao final da súa vida, pero hoxe en día mantense aberto o debate sobre cando se produciu a súa conversión.

A pesar de todo, non cabe dúbida ningunha da súa contribución á cristianización do Imperio promovendo medidas decisivas para fortalecer as comunidades cristiás:

- concedeu recoñecemento xurídico ás igrexas cristiás, en virtude do cal podían recibir herdanzas e doazóns (o propio emperador foi moi xeneroso con elas);
- eximiu do pago de impostos polos seus bens as igrexas cristiás;
- autorizou que os bispos puidesen constituír tribunais para xulgar delitos;
- permitiu manumisións de escravos no interior das igrexas.

A medida máis determinante foi o **edicto de Milán (313)**, que proclamou a liberdade de culto. A partir de aquí os cristiáns lograron a visibilidade pública da que careceran ata entón. O cambio relixioso tivo maior impacto na parte oriental do Imperio, sobre todo na cidade de Constantinopla.

Ademais, o emperador implicouse de maneira activa nas loitas ideolóxicas cristiás. Deste xeito, decidido a defender a unidade da Igrexa convocou os bispos ao **concilio de Nicea (325)**, onde se fixou o dogma trinitario (tres persoas distintas e un único deus) fronte aos arianos. Ata entón, as comunidades cristiás foran relativamente independentes, con peculiaridades doutrinais e litúrxicas. De feito, esta será unha das principais fontes de conflitos dos séculos posteriores, nos que as diversas herexías (arianismo, monofisismo etc.) foron perseguidas.

Durante a época de Constantino, e ao longo de todo o século IV, a corte imperial dará un impulso decisivo ao proceso de cristianización do Imperio. Ante unha profunda crise social e institucional, o cristianismo será visto como un elemento capaz de reunificar as comunidades do Imperio, ao tempo que, de facto, serviría de elemento de control e represión de elementos sociais subversivos.

A cidade de Constantinopla

Foi construída no lugar da vella Bizancio co obxectivo de converterse na nova capital do Imperio. Recibiu o alcume de «Nova Roma» por ser moi parecida a esta: levantada sobre sete outeiros, dividiuse en catorce distritos urbanos, con foro,

capitolio e senado. A elección da súa localización respondía a criterios estratéxicos: ponte entre Asia e Europa; favorable para orientar a defensa ante os persas ou o control da fronteira danubiana; a riqueza das cidades da parte oriental ou a maior cristianización do territorio. Constantinopla creceu con asombrosa rapidez e atraeu un gran número de artesáns e comerciantes de todas as rexións de Oriente.

O traslado do centro de gravidade do Imperio cara ao leste restou gran relevancia a Roma, que acabou relegada como capital honorífica. A provincialización de Italia con Diocleciano contribuíra xa á súa marxinação. E nesta época a vella capital experimentou á súa transformación como cidade cristiá.

3.3. Os sucesores de Constantino

Coa morte de Constantino volveron as intrigas e loitas polo poder, que acabou en mans dos seus fillos: Constante (Occidente) e Constancio II (Oriente). Tras o asasinato de Constante, Constancio II houbo de derrotar a Magnencio, proclamado Augusto polas tropas occidentais, para quedar como único emperador. **Constancio II** (353-360) seguiu o modelo político de seu pai: elevado número de funcionarios; desconfianza dos mandos militares, e, respecto da política relixiosa, buscou a unidade das igrexas cristiás, no seu caso baixo a doutrina do arianismo (nos concilios de Sirmium e Arlés).

O goberno do Imperio estaba xa estruturado, de forma que se esixía unha repartición do poder para responder á presión no *limes* e vixiar a administración. Para atender Occidente, Constancio II recuperou un familiar, Xuliano, co título de César, quen logo foi proclamado Augusto polas tropas. Á morte de Constancio II, Xuliano quedou como único Augusto.

Xuliano (360-363)

O novo emperador pretendeu que o Imperio recuperase a época gloriosa dos primeiros Antoninos. Xuliano era un amante da filosofía, partidario da austeridade e de comportamentos liberais. Buscou reducir os gastos burocráticos e a presión fiscal. Suprimiu os privilexios que acumularan o clero cristián e outros membros da elite. Asemade tentou revitalizar a vida municipal: devolvendo terras públicas ás cidades, obrigando o clero a cumprir cargas municipais etc. No ámbito relixioso, a súa figura foi moi criticada polos escritores cristiáns debido á súa defensa dun paganismo monoteísta (a divindade suprema era o Sol), resultado da influencia do neoplatonismo. O eixe da súa política foi a tolerancia e liberdade de crenzas e cultos, consciente da súa utilidade para a paz do Imperio. Desaparecido o emperador, o paganismo perderá a súa última oportunidade.

Enfrontouse aos persas co obxectivo non tanto de defenderse senón de someter o territorio inimigo. Na loita contra eles morreu sen ter prevista a súa sucesión. A morte do emperador levou a un mandato transitorio de **Xoviano** (363-364) que deu paso ao nomeamento de **Valentiniano I** (parte occidental) e de seu irmán **Valente** (parte oriental), aclamados polas tropas: cada un tiña a súa propia corte, aparato administrativo e exército. De feito, esta foi a primeira repartición efectiva

do Imperio. Tratábase de extensos territorios con tradicións culturais e lingüísticas distintas; as condicións económicas tamén diferían (un Oriente cun réxime urbano puxante, fronte a un Occidente que se ruralizaba), así como o mundo das crenzas: a parte oriental estaba moito máis cristianizada.

No mandato de Valentiniano I (364-375), en **Occidente**, hai que destacar a pacificación das fronteiras, así como a revitalización da vida municipal. Promoveu medidas contra o abuso dos poderosos: creou a figura do *defensor plebis* para impedir a difusión do padroado sobre os humildes. Non obstante, consolidou o proceso de obrigatoriedade de que os fillos herdasen os oficios paternos.

En **Oriente**, Valente (364-378) loitou contra os persas, nun contexto novo que obrigou a colaboración das dúas comunidades fronte a un novo inimigo, os hunos. Na súa expansión, estes fixeron presión sobre os visigodos e ostrogodos asentados ao outro lado da fronteira danubiana: comezou así a lenta inmigración violenta ininterrompida de godos no Imperio.

Valentiniano I elixira o seu fillo Graciano como futuro sucesor; tras a morte de Valente nomea para a parte oriental a Teodosio (fillo de Teodosio o Maior, o mellor xeneral de seu pai): repetíase así o modelo anterior. Unha pequena parte quedaba en mans de Valentiniano II (Iliria). No mandato de Graciano cabe sinalar a política antipagana, baixo o influxo do bispo de Roma, o papa Dámaso, e de Ambrosio, bispo de Milán. A Igrexa reclamaba a intervención imperial contra donatistas e arianos. Graciano desatendeu os problemas fronteirizos onde xurdiron novos problemas en Britania; aí apareceu a figura dun militar, Máximo, nomeado emperador polas tropas (383-384), quen situou a súa capital en Tréveris.

Mentres, Teodosio mandaba en Oriente. Máximo acabou enfrontándose a Teodosio e morreu. **Teodosio (379-395)**, de orixe hispana, logrou así a reunificación do Imperio. O novo emperador único estableceu a súa corte en Milán, onde estivo baixo a influencia dunha prominente figura cristiá como o bispo Ambrosio. Deste xeito, Teodosio anulou todas as medidas que impedisen o crecemento do patrimonio da Igrexa. Finalmente, promulgou o **Edicto de Tesalónica**, que declaraba o cristianismo como única relixión oficial do Imperio e prohibía o paganismo.

El foi o último emperador que coa súa habilidade persoal exerceu un sostido control sobre todo o Imperio romano. Cando morreu, o goberno pasou aos seus fillos: **Arcadio** (Oriente, con sede en Constantinopla) e **Honorio** (Occidente, con sede en Milán). Dada a mocidade dos sucesores, como rexente quedaba Estilicón.

4. A división do Imperio e a crise de Occidente (395-476)

Habitualmente empregamos o ano 476, cando Odoacro destrona o último emperador Rómulo Augústulo, como data final para o Imperio de Occidente. Non obstante, había xa bastantes anos que os emperadores titulares de Occidente viran reducirse progresivamente os seus dominios, mentres se creaban reinos bárbaros que desafiaban o seu poder.

4.1. A fin do Imperio en Occidente

Estilicón (398-408) exerceu a rexencia sobre Arcadio e Honorio. Tivo que aceptar como feitos consumados que diversos pobos (vándalos, suevos, alanos, cuados e burgundios), tras cruzar o Rin a fins do 406, se distribuísen polas Galias. Mentres, os hunos formaban un reino autónomo en Panonia e os burgundios facían o mesmo preto da fronteira renana.

O rexente parecía consciente de que o Imperio só se podería salvar pactando coas comunidades bárbaras ás que se podería ir asimilando de maneira progresiva. Porén, non todos na súa corte pensaban igual e foi asasinado. Durante o goberno de **Honorio** (408 e 423), os godos saquearon Roma e o seu líder, Ataúlfo, casou con Gala Placidia, a súa irmá. Este novo vínculo familiar correspondía coa viraxe política nas relacións cos godos, que pasaron a ser considerados estreitos colaboradores. Asemade, as Galias libráronse das bandas de suevos, vándalos e alanos, que se trasladaron a Hispania no 409, e pactouse o establecemento dos visigodos no 418.

Con **Valentiniano III** (425-455) acelérase o proceso de disolución imperial. Vándalos e alanos chegan a África, dominando Mauritania e Numidia; Hispania queda repartida entre suevos e, logo, visigodos, e abandónase Britania (en mans dos saxóns). O novo perigo procedía dos hunos de Atila, quen tentara desde o 434 abrirse camiño cara ao Imperio oriental. Introduciuse nas Galias, logo tentou entrar en Italia. Con todo, morto Atila no 453, os hunos deixaron de ser unha ameaza.

A partir de aquí sucedéronse os **emperadores marioneta**. A situación empeorou coa proclamación como emperador do neno **Rómulo Augústulo**, no 475, polo seu pai, un funcionario menor. Neste panorama o exército de Milán tomou unha medida radical e nomeou por vez primeira a un bárbaro, **Odoacro**, no 476, emperador. Este renunciou ao título imperial e declarouse rei do seu pobo.

Na parte oriental, despois de Teodosio o Imperio non foi obxecto de grandes presións sobre as súas fronteiras; as cidades mantiveron a súa riqueza e gozouse dunha maior estabilidade política. O Imperio romano de Oriente perdurará mil anos máis.

4.2. Factores da decadencia imperial

Moitos son os estudosos que se teñen dedicado a investigar os factores da decadencia e fin do Imperio. De feito, este é un dos debates historiográficos máis intensos sobre a historia de Roma que permanece aínda aberto. Cómpre preguntarnos que ocorreu en contraste co mantemento do Estado romano mil anos máis na súa parte oriental. Mais tamén hai que recoñecer que a decadencia se lastrou desde o século III e evidenciouse con crueza nos séculos seguintes. De feito, mesmo sorprende que a estrutura imperial aguantase tanto tempo en pé.

Non parece moi acertado buscar un único factor para explicar a fin do Imperio de Occidente. Máis ben, diferentes circunstancias, tanto internas como externas, axudarannos a entender o esgotamento progresivo que sufriu o modelo político romano.

As invasións bárbaras

O Imperio sufriu neste período unha constante ameaza exterior. A causa da súa crecente debilidade e dos problemas internos, Roma non reaccionou a tempo cando se produciron as invasións. A presión era excesiva sobre as fronteiras: os bárbaros buscaban terras para mellorar as súas condicións de vida; fuxían da fame ou da ameaza doutras comunidades. A principios do século V, as tribos xermánicas, empurradas cara ao oeste polos hunos, procedentes das estepas asiáticas, franquearon o *limes*. O exército non puido impedir que a propia Roma fose saqueada por visigodos e vándalos. Cada un destes pobos instalouse nunha rexión do Imperio, onde fundaron reinos independentes.

Os xermanos eran xentes do norte e do leste de Europa, de lingua indoeuropea. Entre os factores que explican o comezo das súas invasións están o empeoramento do clima, a explosión demográfica, o nomadismo e, na última fase, a presión dos pobos asiáticos (os hunos, sobre todo, que liderados por Atila chegaron a invadir o Imperio). Desde o século II empezaran a atravesar o *limes* en grupos reducidos, atraídos por territorios máis fértiles. Algúns xermanos convertéronse en colonos; outros realizaron *foedera* con Roma e ingresaron no exército como aliados. A fins do século IV a súa presenza dentro do Estado romano intensificouse. A maioría deles instaláronse en áreas rurais e, aproveitando o debilitamento do poder romano, mantiveron as súas propias leis.

O seu triunfo debeuse á superioridade militar, ao establecemento anterior de poboación xermánica e á profunda crise do propio Estado romano que o debilitou en grao extremo. As grandes invasións comezaron no ano **401**, coa irrupción dos vándalos. Logo chegaron os visigodos, no 403; os suevos, no 406; os burgundios, no 409, e, no 410, os visigodos de Alarico saquearon Roma. Esta vez as invasións non foron simple razzias, senón que os saqueadores se asentaron no territorio: suevos na *Gallaecia*; visigodos en Hispania; francos na Galia; ostrogodos en Italia; burgundios nos Alpes; vándalos en Mauritania etc.

A crise do Estado romano

O sistema político estaba roto ante a inestabilidade constante na sucesión do poder: litixios, usurpacións e emperadores inadecuados marcaron os gobernos da época. Mentres, a crecente burocratización asfixiaba o Imperio.

Na esfera económica a crise impuxo o troco nos intercambios ante unha moeda cada vez máis depreciada. A produción afundiuse e as cidades despoboáronse. A presión fiscal para sufragar os gastos militares e burocráticos fíxose insostible. Deuse un empobrecemento xeneralizado que agudizou a polarización social dunha poboación que se sentía moi afastada do poder central. A economía ruralizouse e perdeuse a cohesión social ante a extensión do latifundismo co réxime do padroado. A sociedade quedou en mans de señores que non recoñecían outro poder que o que lles proporcionaban os seus propios mercenarios.

Neste contexto, o retroceso demográfico foi moi marcado e veuse agravado por varias epidemias. Pola súa vez, o exército perdera a súa eficacia coa progresiva barbarización das tropas.

No ámbito relixioso, o triunfo do cristianismo achegaba un carácter universalista polo cal a distinción entre romano e bárbaro se diluíu. Ademais, a Igrexa actuou como factor de disensión interna a través das súas constantes divisións.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

Co obxecto de facilitar e racionalizar a docencia da materia empregaranse os seguintes métodos de traballo.

Clases **expositivas** (6 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se presentarán os contidos teóricos da unidade.

Clases **interactivas** (2 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se desenvolverán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos previamente expostos.

Tutoría personalizada, na que se atenderán todas as cuestións que a unidade lle suscite ao alumnado de maneira individual.

Nas dúas sesións interactivas realizarase unha actividade na aula que o alumnado terá que entregar á profesora para a súa avaliación de maneira individual.

A. **Comentario de texto sobre o cristianismo** a partir dunha selección de fontes da época (v. apéndice): Celso (*Discurso verdadeiro contra os cristiáns*), Oríxenes (*Contra Celso*), Teófilo de Antioquía (*Libros a Autólico*) e *Carta a Diogneto*. Analízase a confrontación ideolóxica entre os partidarios do cristianismo e os defensores do paganismo tradicional romano.

B. Proponse a **lectura crítica do artigo**: «Causas de la decadencia y hundimiento del Mundo Antiguo», J. M. Blázquez Martínez, *Jano* 98 (1973), 113 ss. <http://www.cervantesvirtual.com/obra/causas-de-la-decadencia-y-hundimiento-del-mundo-antiguo-0/> [Dispoñible 7.5.2021, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes]. O alumnado terá que responder estas dúas cuestións, claves para a comprensión da unidade:

1ª Sinala os factores defendidos pola historiografía que consideres pouco atinados e explica as túas razóns.

2ª Cal sería o factor fundamental da decadencia da Roma occidental?

5. AVALIACIÓN

A avaliación da unidade docente estará incluída na avaliación xeral da materia.

Valorarase o rendemento e a aprendizaxe adquirida a través dunha combinación equilibrada entre actividades de carácter formativo e de carácter final. Nas actividades formativas terase en conta o esforzo e o progreso na aprendizaxe e incentivarase a dedicación constante á materia ao longo da unidade. A actividade de carácter final permitirá comprobar os resultados da aprendizaxe.

Desta maneira, na avaliación teranse en conta tres elementos: a participación na aula, as actividades prácticas das sesións interactivas e a proba escrita. A participación na aula suporá un 20 % da cualificación, as prácticas o 30 % e a proba escrita o 50 % da cualificación final desta unidade.

Dada a relevancia desta unidade, a súa cualificación suporá o 15 % da cualificación final da materia.

6. BIBLIOGRAFÍA

- BRANDT, H. (2007): *Constantino*. Barcelona: Herder (Munich 2006). Trad. M. Mohamad.
- BRAVO, G. (1991): *Dioleciano y las reformas administrativas del Imperio*. Madrid: Akal.
- BRAVO, G. (2010): *Teodosio: último emperador de Roma, primer emperador católico*. Madrid: La esfera de los libros.
- BRINGMANN, K. (2006): *Juliano*. Barcelona: Herder (Darmstadt, 2004). Trad. M. Villanueva.
- BROWN, P. (1991): *El Mundo en la Antigüedad tardía: de Marco Aurelio a Mahoma*. Madrid: Taurus (Londres, 1971). Trad. J. A. Piñero.
- CASTELLANOS, S. (2010): *Constantino. Crear un emperador*, Madrid: Sílex.
- CASTILLO, P. (2010): *Año 312. Constantino: emperador, no cristiano*. Madrid: Ediciones Laberinto.
- DAM, R. VAN. (2007): *The Roman Revolution of Constantine*. Cambridge: Cambridge University Press.
- FERNÁNDEZ UBIÑA, J. (1982): *La crisis del siglo III y el fin del mundo antiguo*. Madrid: Akal.
- FERNÁNDEZ UBIÑA, J. (1990): *El Imperio romano bajo la anarquía militar*. Madrid: Akal.
- GARCÍA MORENO, L. A. (1998): *El Bajo Imperio Romano*, Madrid: Síntesis.
- GIBBON, E. (2009): *Decadencia y caída del Imperio Romano*. Buenos Aires: Terramar Ediciones (Londres, 1776).
- GOFFART, W. A. (1987): *Barbarians and Romans A. D. 418-584: The Techniques of Accomodation*. Princeton: Princeton University Pres.
- HEATHER, P. J. (2011): *La caída del Imperio Romano*. Barcelona: Crítica (Oxford, 2005).
- LORRIOT, X.-D. NONY (1997): *La crise de l'Empire Romain*. París: Nouvelle Clío, PUF.
- MACMULLEN, R. (1988): *Corruption and the Decline of Rome*. New Haven: Yale University Press.
- MACMULLEN, R. (1976): *Roman Government's Response to Crisis, A.D. 235-337*. New Haven: Yale University Press.
- MAZZARINO, S. (1961): *El fin del Mundo Antiguo*. México D. F.: UTHA. Trad. B. P. L. de Caballero.
- MOMIGLIANO, A. (ed.) (1989): *El conflicto entre el paganismo y el cristianismo en el siglo IV*. Madrid: Alianza.
- PASTOR, B. (2007): *Constantino: la invención del cristianismo*. Madrid: Oberón.
- SÁNCHEZ SALOR, E. (1986): *Polémica entre cristianos y paganos*. Madrid: Akal.
- TEJA, R. (1991): *La época de los Valentinianos y de Teodosio*. Madrid: Akal.

- VOGT, J. (1967): *The decline of Rome: The metamorphosis of Ancient Civilization*. Londres: Weidenfeld & Nicolson.
- WARD-PERKINS, J. B. (2007): *La caída de Roma y el fin de la civilización*. Madrid: Espasa Calpe. Trad. M. Cuesta e D. Hernández de la Fuente.
- WILLIAMS, S. (1985): *Diocletian and the Roman recovery*. Nueva York: Methuen.
- WILLIAMS, S.-G. FRIELL (1994): *Theodosius. The Empire at bay*. Londres: B.T. Batsford.

7. APÉNDICE

Celso: *Discurso verdadeiro contra os cristiáns*, prefacio 1 (s. II)

«Recollendo a xente ignorante, que pertence á poboación máis vil, os cristiáns desprezan as honras e a púrpura, e chegan ata chamarse indistintamente irmáns e irmás... O obxecto da súa veneración é un home castigado co último dos suplicios, e do madeiro funesto da cruz eles fan un altar, como convén a depravados e criminais. Hai unha nova raza de homes nados onte, sen patria nin tradicións, asociados entre si contra todas as institucións relixiosas e civís, perseguidos pola xustiza, universalmente cubertos de infamia, pero autoglorificándose coa común execración: son os cristiáns».

Oríxenes: *Contra Celso*, libro VI, 64 (s. III)

«Deus nin sequera participa do ser: porque máis ben é participado que participa, sendo participado polos que posúen o Espírito de Deus. Así mesmo, o noso Salvador non participa da xustiza, senón que sendo a Xustiza, os que son xustos participan del. O que se refire ao ser require un longo discurso e non facilmente comprensible, particularmente o que se refire ao Ser no seu pleno sentido, que é inmóbil e incorpóreo. Habería que investigar se Deus está máis aló do ser en dignidade e en poder, facendo participar no ser a aqueles que o participan segundo o seu Logos, e ao mesmo Logos, ou ben se el mesmo é ser, aínda que se di invisible por natureza nas palabras que se refiren ao Salvador. O cal é imaxe do Deus invisible, onde a palabra invisible significa incorpóreo. Habería que investigar tamén se o unixénito e primoxénito de toda criatura ha de ser chamado ser dos seres, idea das ideas e principio, mentres que o seu Pai e Deus está máis aló de todo isto».

Teófilo de Antioquía: *Libros a Autólico* (s. II)

«Eu honrarei o emperador, pero non o adorarei; rezarei, con todo, por el. Eu adoro o Deus verdadeiro e único por quen sei que o soberano foi feito. E entón poderías preguntarme: “E por que, pois, non adoras o emperador?” O emperador, pola súa natureza, debe ser honrado con lexítima deferencia, non adorado. El non é Deus, senón un home a quen Deus puxo non para que sexa adorado, senón para que exerza na terra a xustiza. O goberno do Estado foille confiado dalgún modo por Deus. E así como o emperador non pode tolerar que o seu título sexa levado por cantos lle están subordinados —ninguén, en efecto, pode ser chamado emperador—, da mesma maneira ningunha pode ser adorado excepto Deus. O soberano, por tanto,

debe ser honrado con sentimentos de reverencia; hai que prestarlle obediencia e rezar por el. Así se cumpre a vontade de Deus».

Carta a Diogneto (s. II)

«Os cristiáns non se distinguen dos demais homes nin pola súa terra, nin pola súa lingua, nin polos seus costumes. En efecto, en ningún lugar establecen cidades exclusivas súas, nin usan ningunha lingua estraña, nin viven un xénero de vida singular. A doutrina que lles é propia non foi atopada grazas á intelixencia e especulación de homes curiosos, nin fan profesión, como algúns fan, de seguir unha determinada opinión humana, senón que habitando nas cidades gregas ou bárbaras, segundo a cada un lle tocou en sorte, e seguindo os usos de cada rexión no que se refire ao vestido e á comida e ás demais cousas da vida, móstranse vivindo un estilo de vida admirable e, por confesión de todos, extraordinario [...] casan como todos e procrean fillos, pero non abandonan os nados. Poñen mesa, comen, pero non leito. Viven na carne, pero non viven segundo a carne. Están sobre a terra, pero a súa cidadanía é a do Ceo. Sométense ás leis establecidas, pero coa súa propia vida superan as leis. Aman a todos, e todos os perseguen. Son condenados sen coñecelos. Son levados á morte, e con iso reciben a vida. Son pobres, e enriquecen a moitos. Fáltalles todo, pero sóbralles todo. Son deshonorados, pero na mesma deshonra obteñen gloria. Son calumniados, e niso son xustificados. Son inxuriados, e a cambio devolven honor. Fan o ben, e son castigados como malvados. Ante a pena de morte, alégranse coma se lles dese a vida. Os xudeus decláranlles a guerra como a estranxeiros e os gregos perséguenos, pero os mesmos que os odian non poden dicir os motivos do seu odio. Para dicilo con brevidade, o que é a alma no corpo, iso son os cristiáns no mundo. A alma está espaxada por todos os membros do corpo, e os cristiáns estano por todas as cidades do mundo».



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

